

FUNDACIÓN FRAGAS DO MANDEO

Balance económico e de xestión

Exercicio 2019

O día 6 de xullo de 2010 constituíuse Fragas do Mandeo como entidade de custodia do territorio con fins de conservación da natureza da comarca de As Mariñas. Rematado o décimo exercicio, publica este informe de acordo coa lexislación vixente e seguindo a política de transparencia nas contas e na xestión.

Balance de xestión

A actividade no ano 2019 estivo centrada no mantemento das parcelas custodiadas no entorno do río Mandeo e da lagoa de Sobrado, e nas dúas reservas que temos creado, a do Catorce e a do Ollo da Roda. Dedicouse tamén un gran esforzo a eliminar especies exóticas invasoras e a recoller lixo nas zonas apadriñadas do dominio público nos ríos Mandeo, Mendo e Lambre, no rego das Bouzas, nas praias da Alameda, Abeleira e Grande de Miño, na marisma de Betanzos e na lagoa de Sobrado. A biomasa das plantas exóticas eliminadas sumou 4.653 kg, correspondente a 24 especies distintas, e o lixo recollido 8.417,5 kg. Este traballo foi asumido polo voluntariado da entidade, formado por 114 persoas distintas, e co apoio ocasional de 81 voluntarios máis doutras entidades.

De xeito similar ó ano anterior, no 2019 a entidade incrementou moi pouco a superficie custodiada, aínda que por motivos diferentes. Dende un punto de vista contable, o patrimonio inmobiliario veuse incrementado nun 0,9 % respecto do ano anterior pola adquisición dunha nova parcela. No caso do activo corrente, aumentou un 83 %.

Continuáronse as actividades tendentes á difusión das actuacións e dos obxectivos da entidade, e a divulga-la custodia do territorio como instrumento xurídico para a conservación da natureza. Mantívose actualizada a páxina web, incrementáronse os seus contidos e tódolos meses ofreceuse nova información no blog de noticias. Paralelamente participouse en diversos eventos e organizouse a *VIII Semana de Custodía do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*. Os doadores e as asociacións colaboradoras estiveron informados en todo momento dos avances efectuados.

Mantivéronse os dous convenios de custodia do territorio co Concello de Coirós e o asinado coa Universidade da Coruña, que permite ós seus alumnos realizar prácticas baixo o sistema aprendizaxe-servizo nas zonas custodiadas ou apadriñadas por Fragas do Mandeo.

Dotación fundacional e recursos

A dotación fundacional mantense como inicialmente, pero incrementada lixeiramente ó afectarse a parcela mercada durante o exercicio. A fin de ano, a extensión das parcelas en propiedade que forman parte da dotación fundacional, ou foron afectadas permanentemente ós fins fundacionais polo padroado, é de 105.717 m². No tocante ó activo non corrente, diminuíu lixeiramente (714,45 euros), pois o investimento de 500 euros na compra de parcelas veuse reducido a efectos contables pola depreciación do utilaxe por amortización, para rematar totalizando a fin de ano os 56.542,68 euros.

Ingresos

No ano 2019 incrementáronse significativamente os ingresos con respecto ó ano anterior, presentando un crecemento do 85 %. En conxunto as fontes de ingresos seguen a presentar diversidade. Non embargante, a diferenza de exercicios anteriores, as doazóns en efectivo dos particulares pasaron a estar no segundo posto en importancia, situándose as subvencións públicas no primeiro.

De maneira conxuntural, os ingresos procedentes do sector público acadaron o 64 % do total, superando amplamente o importe de exercicios anteriores. Este incremento débese ó abono da subvención para executa-las obras na Reserva de Anfibios do Catorce, solicitada ó Agader no ano anterior.

A diferenza doutros exercicios, non houbo ingresos por subvencións da Deputación da Coruña. Foi preciso renunciar a elas porque non se cumpriu coa condición requirida nas bases de chegar á porcentaxe mínima de execución do solicitado, nin no capítulo de gastos para actividades nin no de investimentos. O motivo foi que non se realizaron varias actuacións previstas. O Concello de Coirós non fixo un deslinde comprometido, imprescindible para poder actuar nunha parcela de titularidade municipal custodiada, e noutros casos porque non se conseguiron formaliza-los acordos de custodia.

As doazóns en efectivo de particulares, asociacións e empresas supoñen o 30 % dos ingresos. Aínda que a incidencia deste capítulo baixou no conxunto dos ingresos, pode constatare o mantemento das doazóns de particulares, grazas á súa fidelidade. Malia a escaseza de estímulos —pois mercouse unha única parcela no período— subiron un 2 % respecto do seu importe no exercicio anterior. Supoñen o 23 % dos ingresos do ano e foron asumidos por 49 doadores que achegan unha media de 127,54 euros por persoa.


As doazóns de asociacións e colectivos son o 5 % dos ingresos, incrementándose o importe do exercicio anterior nun 61 %, en boa medida grazas ás doazóns do Grupo Naturalista Hábitat. As doazóns de empresas quedan no 2 % do total, malia que subiron un 150 % respecto do seu importe no ano anterior.

O capítulo de actividade propia supón o 6 % dos ingresos, resultado dunha venta esporádica de obxectos do rastrillo, ingresos varios da Semana de Custodia e a venda puntual da madeira dos eucalip-tos eliminados nunha parcela. A súa porcentaxe segue a ser baixa, insuficiente para cubri-lo importe dos gastos non subvencionados. Incrementouse un 162 % respecto do ano anterior, pero ten un marcado carácter conxuntural.

Resumindo: Os ingresos medraron bastante, pero de xeito eventual, debido á subvención do Agader. Esta situación é similar ó que ocorreu no 2015, ano no que este organismo subvencionou os traballos na parcela Espenuca.

Ingresos dinerarios	Ano 2019	Ano 2018
Doazóns de particulares	6.122,00	5.986,00
Doazón da A. C. Lar de Unta	250,00	250,00
Doazón da A. C. Roxín Roxal	0	300,00
Doazón do G. N. Hábitat	874,33	300,00
Alumnos Colexio Obradoiro	90,00	0
Alumnos Universidade da Coruña	150,00	0
Empresas	500,00	200,00
Subvención Deputación da Coruña e outras	0	1.205,44
Subvención Agader	16.626,58	0
Donativos mesas e rastrillos	10,00	590,00
Outros ingresos	1.457,22	316,72
Xuros bancarios	0	0
Total (euros):	26.080,13	9.148,16


Ingresos 2019



Ingresos 2010-2019



Evolución anual dos ingresos



Investimentos e gastos

A diferenza do ano anterior, o exercicio do 2019 está caracterizado por un gasto reducido. No tocante a investimentos foi continuísta, mantendo un nivel baixo.

O investimento en adquisición de fincas correspóndese coa única compra dunha parcela. Lamentablemente, os numerosos contactos realizados con propietarios non deron froito de momento. Non se investiu en equipamento, pois foi suficiente o mercado en anos anteriores. A nivel contable ese equipamento segue amortizándose durante 4 anos, aínda que a súa utilidade na realización de actividades de voluntariado ambiental previsiblemente se prolongará por moitos anos máis.

Os gastos destinados a proxectos de mantemento e a voluntariado volven a cifras habituais, sendo o único salientable o destinado ó proxecto de Sobrado (obras no observatorio ornitolóxico).


Aparece un novo capítulo de gastos: a quilometraxe. Até o momento estaba sendo asumido por tres propietarios de vehículos, pero a elevada actividade de mantemento das zonas custodiadas e apadriñadas obrigou a desprazamentos que no ano 2019 sumaron 7.159,2 km, supoñendo un gasto que non podía seguir sendo asumido por eles. O seu importe non se asignou ó capítulo de gasto corrente porque a súa práctica totalidade obedece a actuacións dos proxectos en marcha, aínda que por simplificación e claridade non se disgregou entre cada un deles.

Investimentos e gastos	Ano 2019	Ano 2018
Adquisición de fincas ¹	792,59	1.655,55
Proxecto Espenuca	20,80	9,10
Proxecto Sobrado	281,77	18,00
Proxecto Reserva do Catorce	133,11	18.542,90
Proxecto Reserva do Olló da Roda ²	20,87	20,79
Equipamento	0,00	10,30
Accións de voluntariado	394,00	220,00
Quilometraxe	1.360,25	0
Gasto corrente	758,73	602,66
Total (euros):	3.762,12	21.079,30


¹ Inclúe os gastos aparelados de notaría e rexistro.

² Inclúe os gastos de arrendamento.


Investimento e gasto 2019



Investimento e gasto 2010-2019



Evolución anual dos investimentos e gastos




Gasto corrente

A cifra total de gasto corrente baixou moito respecto dos anos anteriores, supoñendo un 2,9 % dos ingresos en efectivo do exercicio. Realmente a cifra foi maior que no ano anterior, sendo a causa da baixada da porcentaxe o incremento dos ingresos. A media do período 2010-2019 é do 6,9 %.


Igual que en anos anteriores, hai que salienta-la ausencia de gastos en nóminas, pois son os voluntarios os que asumen todo o traballo, tanto o interno coma a meirande parte do realizado no campo. Tamén grazas á súa xenerosidade, o resto dos capítulos do gasto corrente foron moi reducidos, incluso contabilizándose como nulos os gastos de local, auga, electricidade, limpeza, mantemento, ADSL e equipamento informático. O mesmo ocorre coas tarefas de deseño e de programación da web (valorados en 15.086 euros), os contidos da web e as súas traducións (valorados en 47.039 euros), a presenza nas redes sociais, a xestión, a administración e a realización de trámites oficiais, pois todos tiveron custo cero para a entidade.

Gasto corrente	Ano 2019	Ano 2018
Seguro entidade	103,50	103,50
Telefonía	290,03	300,19
Aloxamento e dominios de Internet	140,34	96,78
Papelería	88,55	26,02
Gastos varios	49,65	16,94
Comisións bancarias	41,08	22,57
Taxas	45,58	36,66
Total (euros):	758,73	602,66

Gasto corrente 2019: 2,9 %



Evolución da porcentaxe de gasto corrente




A evolución dos fondos de conservación e de actividade

Para maior claridade informativa, clasificamos os ingresos en dous fondos. Na gráfica seguinte pode observarse a evolución do fondo Conservación, efectivo procedente das doazóns de particulares, asociacións e empresas destinado exclusivamente a investir na adquisición de parcelas (incluíndo tamén os importes de notaría e rexistro).


Se no 2018 a necesidade de ter liquidez para abona-las facturas das obras na Reserva de Anfibios do Catorce levou a limita-los investimentos, a escaseza deles no 2019 foi debido ó pouco éxito nas negociacións de adquisición de parcelas.

Evolución do fondo Conservación
(cifras anuais acumuladas)



O fondo Actividade nótrese dos ingresos da actividade propia e das subvencións. No exercicio anterior o proxecto da Reserva de Anfibios do Catorce provocou un déficit de 17.311,59 euros, atenuado neste exercicio coa dotación de 15.124,27 euros, quedando a cifra negativa en 220,84 euros. Aínda así, os gastos acumulados seguen a ser máis elevados que os ingresos do fondo, pois as subvencións para equipamento, obras e actividades non cobren o 100 % dos gastos. Isto implica que para poder seguir destinando o 100 % das doazóns de particulares, asociacións e empresas a abona-lo importe dos investimentos en parcelas, incluíndo os gastos aparelados, será necesario incrementa-los ingresos por actividade propia nos seguintes exercicios, algo difícil de acadar se non se volven a realizar rastrillos ou se atopan outras fontes.


Evolución do fondo Actividade



Adquisición de fincas


A única parcela adquirida no ano supuxo unha cifra modesta en superficie (746 m²), pasando así a sela superficie total custodiada de 268.340 m². Situada na ribeira do río Mendo, no termo municipal de Oza-Cesuras, a súa importancia estriba no seu potencial ecolóxico. A parcela era un eucaliptal lindeiro co río, no corazón da Reserva do Olló da Roda. Coa súa adquisición lógrase custodiarlo 79 % da superficie prevista para a reserva, dotándoa de continuidade ó longo de 500 metros de ribeira (cunha eventual excepción de 20 metros). A eliminación dos eucaliptos permite transformala en prado e bosque de ribeira. O bosque da reserva está considerado hábitat prioritario 91E0 pola Directiva Hábitats.

Superficie por tipo de acordo



Realmente o ano foi pouco frutífero no tocante a mercar parcelas. O esforzo foi grande, pois contactouse con dezaseis titularidades. Lamentablemente, diversas circunstancias impediron os acordos de compravenda, entre elas a confusión provocada por un estudo sociolóxico da Universidade da Coruña, que foi interpretado como que había un interese da Administración pública nos montes, facendo que as expectativas económicas foran máis alá do razoable. Indubidablemente haberá que seguir insistindo, pois a experiencia demostra con frecuencia que as ofertas realizadas tardan bastantes meses en seren aceptadas.

Superficie custodiada (m²)



Mantemento das parcelas custodiadas

As tarefas de mantemento do ano 2019 foron acometidas totalmente con voluntariado.

Monte da Espenuca: Foi preciso reparar e volver a colocar o panel informativo, derribado polo vento. Dedicamos bastante tempo a rozar toxos tanto nos camiños interiores coma no resto desta parcela de 16.846 m² de superficie, chegando a arrincar de raíz todos aqueles que nacían na zona central. Coidamos das árbores autóctonas plantadas e repuxémo-las marras. Tamén arrincamos os 145 eucaliptos nacidos das sementes procedentes das parcelas lindesiras, máis os 18 rebrotados de cepo. Por último, tamén eliminamos 14 exemplares de *Acacia melanoxylon* e 5 exemplares de *Pinus pinaster*.

Monte de Os Vellois: O principal traballo neste lugar foi o arrincado de raíz de toxos e silvas. Tamén secamos varios eucaliptos da zona máis abrupta, coidamos das árbores autóctonas plantadas e retirámoslles os protectores, pois xa non facían falla.

Monte de O Bocelo: Aquí o traballo limitouse a arrincar un eucalipto nacido de semente e en secar un rebrote de cepo. Grazas á boa recuperación que amosa, non precisou de máis atención.

Reserva de Anfibios do Catorce: Un acto de vandalismo no refuxio de visitantes obrigou a formular unha denuncia e a repara-los danos ocasionados no seu interior. Pintáronse murais nas fachadas deste edificio e do refuxio de especies nocturnas, reparando previamente con morteiro deterioracións nas fachadas deste último. Colocouse unha placa que informa das fontes de financiamento das obras da reserva e limpouse o interior dos edificios. Un dos traballos que ocupou máis tempo foi seca-los rebrotes de eucaliptos na zona de bosque, pero tamén os que volveron a saír nas paredes da canteira, para o que foi preciso empregar técnicas de escalada. Aparte destes, a eliminación doutras invasoras resultou en 220 kg de biomasa, composta sobre todo de *Cyperus eragrostis*, pero incluíndo tamén algo de *Conyza canadensis*, *Aster squamatus*, e un exemplar de *Oenothera glazioviana*.

Reserva do Ollo da Roda: Situada na ribeira do Mendo (Oza-Cesuras) nun tramo de río de 0,5 km de lonxitude, os traballos estiveron centrados en rozar a zona reforestada na reserva, en coidar as árbores autóctonas plantadas, en amorear toda a ramallada de eucalipto que deixou o anterior propietario da finca mercada e en retirar a madeira dos eucaliptos cortados noutra parcela o ano anterior. Por último, recollemos 362 kg de lixo e no tocante a invasoras arrincamos 292 kg de *Tradescantia fluminensis*, 4.628 tubérculos *Crocsmia x crocosmiiflora*, 50 exemplares de *Ligustrum ovalifolium*, 21 exemplares de *Robinia pseudoacacia* e 9 exemplares de *Eucalyptus globulus*.

Lagoa de Sobrado: Nas seis ocasións en que a visitamos, ademais de limpa-lo observatorio ornitolóxico e de recolle-lo lixo nas dúas parcelas custodiadas, foi necesario realizar traballos de mantemento. Parte da cuberta de cobre apareceu arrincada, polo que optamos por substituíla na súa totalidade con paneis de chapa acanalada de aceiro galvanizado lacado en verde, instalando previamente un par de vigas novas. Aproveitamos as obras para limpa-los refuxios de morcegos e as caixas niño integradas na construción, amañamos algunhas deterioracións nas fiestras, eliminámo-las pintadas nun panel informativo e nas paredes; por último, restaurámo-lo antigo cartel de madeira colocado pola SGHN hai máis de dúas décadas. Non se localizaron plantas exóticas invasoras, pero observouse a presenza do cangrexo invasor *Procambarus clarkii*; debido a que non tiñamos capacidade de abordar a eliminación desta especie, informamos ás autoridades competentes da súa presenza.

Apadriñamento

Durante o ano continuouse co traballo de anos anteriores nas zonas de dominio público apadriñadas. Visitámolas periodicamente co obxectivo de mantelas limpas e para eliminar canto antes calquera aparición de especies exóticas invasoras ou de especies alóctonas naturalizadas.

Lagoa de Sobrado: Tal como facemos nas visitas sempre que podemos, recollémo-lo lixo no aparcadoiro, en toda a contorna transitábel da lagoa e no tramo de camiño xacobeo que pasa a carón dela, sumando este ano 12 kg.

Río Mandeo: A zona de actuación cuberta foi un tramo de aproximadamente 7,5 km (dende O Tope até a ponte de Teixeira), incluíndo tamén o tramo final do rego das Bouzas (0,6 km). Retiráronse 419,5 kg de lixo. En canto a especies exóticas invasoras, no Mandeo arrincamos 686,5 kg de *Tradescantia fluminensis*, 2.020 tubérculos de *Crocsmia x crocosmiiflora*, 410 exemplares de *Acacia melanoxylon*, 34 exemplares de *Hydrangea sp.*, 26 exemplares de *Prunus laurocerasus*, 14 exemplares de *Zantedeschia aethiopica*, 16 exemplares de *Ligustrum ovalifolium*, unha macolla de *Cortaderia sello-*

ana e 2 exemplares de *Euonymus japonicus*. No rego das Bouzas eliminamos 722 kg de *Tradescantia fluminensis*, 457 tubérculos de *Crocsmia x crocosmiiflora*, 9 exemplares de *Ligustrum ovalifolium* e 3 exemplares de *Hydrangea sp.*.

Río Mendo: Cubrimos o tramo de 8,6 km aproximadamente entre a ponte das Moas e a ponte de Taibo. Retiramos 237 kg de lixo e eliminamos 419 kg de *Tradescantia fluminensis*, 279 tubérculos de *Crocsmia x crocosmiiflora*, 48 exemplares de *Ligustrum ovalifolium*, 62 exemplares de *Robinia pseudoacacia*, un exemplar de *Buddleja davidii* e un exemplar de *Hydrangea sp.*.

Río Lambre: Continuamos co control de invasoras na zona de marisma do Lambre, tendo eliminado 4 macollas de *Cortaderia selloana* e un exemplar de *Buddleja davidii*. Retiramos lixo dende Achileiro (augas arriba da minicentral de Güimil) até Ponte Lambre, sumando un total de 232 kg.

Praia da Alameda: O lixo recollido neste areal pesou 924 kg. Eliminamos 36 macollas pequenas e medianas de *Cortaderia selloana*, 1.220 tubérculos de *Crocsmia x crocosmiiflora*, 83 exemplares de *Populus x canadensis*, 192 plantas de *Bidens frondosa*, 2 exemplares pequenos de *Eucalyptus globulus*, 8 exemplares de *Salix sp.* alóctonos, 113,5 kg de *Conyza canadensis*, 91,5 kg de *Aster squamatus*, 23 kg de *Arctotheca calendula*, 10 kg de *Cyperus eragrostis* e 1 kg de *Tradescantia fluminensis*.

Praia da Abeleira: Por primeiro ano traballamos neste areal, onde o lixo recollido pesou 540,5 kg e retiramos 883 kg de *Tradescantia fluminensis*, 761 tubérculos de *Crocsmia x crocosmiiflora*, 4 macollas medianas de *Cortaderia selloana*, 5 exemplares de *Hydrangea sp.* e un exemplar grande de *Buddleja davidii*.

Praia Grande de Miño: Neste areal, incluíndo a parte norte da marisma de Bañobre, retiramos 254 kg de lixo. En anos anteriores temos eliminado 9 especies exóticas invasoras, das que 6 poden considerarse erradicadas. No repaso do ano 2019 soamente eliminamos 12 exemplares de *Vinca difformis* no sistema dunar. Na marisma cortamos tódalas inflorescencias de *Cortaderia selloana* (13 kg), antes de que maduraran as sementes, evitando así que se espallaran, como medida previa a arrincalas no futuro. Tamén arrincamos 2 exemplares de *Phoenix canariensis* e os rebrotes dun *Myoporum laetum*.

Marisma de Betanzos: Nesta zona non eliminamos especies exóticas invasoras, limitando o traballo á retirada de lixo na eco-regata. Xuntáronse 7 m³ de lixo, estimándose o seu peso en aproximadamente 2.100 kg. Entre os refugallos atopados houbo un frigorífico, un televisor, catro rodas, dúas cadeiras e dous tambores de lavadora.

Voluntariado

A entidade contou co apoio de suficientes voluntarios para acomete-las tarefas de mantemento das parcelas custodiadas e de funcionamento diario, aínda que, obviamente, de ter disposto dun maior número poderían terse abordadas máis actuacións e incluso amplía-la extensión de dominio público apadriñada. Como resumo do esforzo realizado, o número de horas dedicadas polo voluntariado ó conxunto das tarefas (traballo no campo, administración, traducións, mantemento da web, etc.) equivaleu a máis de 265 xornadas laborais de 8 horas.

Durante o ano colaboraron 114 voluntarios distintos que participaron nunha ou varias das 16 xornadas de traballo no campo que convocamos. A media foi de 2,2 xornadas por persoa (con variacións de 1 a 16 xornadas), sumando un esforzo total de 248 xornadas. As mulleres resultaron ser un 3 % menos que os homes, pero traballaron un 36 % máis de xornadas que os homes. Con respecto ás

idades, o rango abrangueu dende os 4 até os 76 anos, sendo a media de 42 anos. Tódalas persoas procederon da provincia, salvo 4 de fóra que participaron de maneira ocasional. Os da cidade de A Coruña foron os máis numerosos, duplicando ós de Betanzos, que quedaron en segundo lugar; a continuación destes encabezan a lista en orden descendente de frecuencia Sada, Bergondo e Miño.

Dentro do voluntariado hai que salienta-lo grupo de 25 persoas formado por empregados de Naturgy e familiares seus, para os que se programaron dúas xornadas específicas.

O núcleo do voluntariado

A perspectiva cambia considerablemente se centramos o foco no núcleo do voluntariado. As 22 persoas que participaron en máis de dúas xornadas realizaron en conxunto o 60 % do esforzo total nas xornadas de voluntariado. Neste grupo, a media de participación foi de 6,8 xornadas por persoa (con variacións de 3 a 16 xornadas). Aquí o papel das mulleres aínda foi máis relevante, pois dentro deste grupo eran un 75 % máis numerosas que os homes e realizaron un 92 % máis de esforzo que os homes deste grupo. As idades estaban comprendidas entre os 12 e os 76 anos, sendo a media de 54 anos. Proceden principalmente de Sada e da cidade de A Coruña, aínda que tamén viñeron de Culleredo, Betanzos, Bergondo, Irixoa, Oza-Cesuras e Teo. Os de Sada encabezan o esforzo realizado por este grupo, seguidos polos de A Coruña e de Betanzos.

Este núcleo formado polo voluntariado recorrente resulta clave. Por unha banda, realizaron máis da metade do traballo no conxunto das xornadas convocadas. Por outra, a súa experiencia facilita e dinamiza as xornadas, tendo capacidade de auto-organización e de improvisación cando resulta necesaria, axudando a que os voluntarios ocasionais se integren no grupo. O perfil tipo sería o dunha muller de idade madura que vive en Sada.

Outro voluntariado

Ó longo do ano diversas organizacións programaron xornadas de voluntariado para apoiar-nos nos obxectivos. Participación 81 persoas que realizaron un esforzo total de 170 xornadas, retirando lixo e especies exóticas invasoras nas zonas de dominio público que apadriñamos.


No campo de traballo Monte da Espenuca —promovido por Fragas do Mandeo e xestionado polo Concello de Coirós— participaron 16 persoas durante seis xornadas. Dentro do proxecto Lewo da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, 39 persoas actuaron na praia da Abeleira. Na mesma praia traballaron 28 persoas da empresa Abanca, nunha xornada de apoio organizada polo Grupo Naturalista Hábitat.

A todo o anterior hai que engadi-la colaboración da empresa CPR Gestión nas tarefas de administración, a dos voluntarios que programan e xestionan os contidos da web e traducen os textos, ou a dos que realizan as diversas tarefas da xestión e administración diarias.


Difusión da entidade

A difusión da entidade a través de Internet seguiu sendo o principal recurso, por ser un medio con custos moi reducidos. O total de contidos da web acadou a final de ano unha extensión de 134.090 palabras para a versión en galego. Sumando os textos xa traducidos ó castelán, inglés e alemán, totalízase unha extensión de 405.536 palabras. Estas cifras están en liña co incremento de anos anteriores, aínda que non reflicten a actualización de contidos.


Dimensión da web (en palabras)



Uso da web 166.052 páxinas servidas en 2019



Tráfico da web



Ó longo do ano publicáronse 30 entradas na sección de noticias, cunha media de 2,5 por mes. A través dela anunciáronse as actividades programadas e a participación da entidade en diversos foros.

A final de ano contabilizáronse 48.029 visitas realizadas por 18.318 visitantes distintos, cun total de 166.052 páxinas servidas. A media mensual de visitantes distintos foi de 1.527 persoas, producíndose unha diminución do 8 % respecto do ano anterior, descenso que afecta en igual medida ó volume de

páxinas servidas. Como o número de visitas reduciuse nun 11 %, isto indica un lixeiro incremento das páxinas visionadas en cada visita. A redución nos últimos anos do uso da web por parte do público podería deberse a varias causas, tales como un mellor coñecemento da entidade que evita consultala a miúdo ou que non hai novos contidos salientables aparte das noticias. O posicionamento da web de Fragas do Mandeo nos buscadores seguiu a ser razoable (aínda que mellorable cando se buscan determinados termos relacionados coa súa actividade).

Para promover-lo voluntariado ambiental na bisbarra de As Mariñas, e así poder comunicar cos potenciais participantes nas actividades programadas pola entidade, continuouse co mantemento da conta na rede social Facebook (www.facebook.com/voluntariadomandeo/). No exercicio publicáronse 13 comunicacións que suman 2.922 palabras e 106 imaxes, alcanzando a 18.954 persoas.

A presenza nos medios de comunicación segue a ser modesta, con aparición esporádica na prensa diaria.

Para dar a coñece-la entidade noutras vilas da bisbarra, Fragas do Mandeo fai presentacións sobre a súa actividade e fins sempre que ten ocasión. Tal como se detalla no seguinte apartado, no 2019 deu charlas en Oleiros, A Coruña, Coirós, Teixeiro e Betanzos.

Promoción da custodia

A promoción e difusión da custodia do territorio, igual que en anos anteriores, seguiu a facerse a través de varias liñas de actuación:

Participación en eventos: Na segunda reunión do grupo de traballo do proxecto Life Stop Cortaderia, organizada en novembro por SEO/Birdlife nas instalacións do CEIDA en Santa Cruz (Oleiros), explicámo-las estratexias e técnicas que aplicamos para controlar a invasión de *Cortaderia selloana* no marco das nosas actividades de custodia do territorio. No mesmo mes interviñemos na xornada *Oportunidades da custodia urbana para a recuperación de espazos*, organizada pola Oficina de Medio Ambiente da Universidade da Coruña, na que informamos en detalle sobre os resultados das nosas actuacións de custodia do territorio.

Recepción de visitas: En febreiro acompañamos a un grupo de 33 persoas da Asociación de Alumnos e Ex-alumnos da Universidade Sénior da Coruña (ADAYEUS) na súa visita á Reserva de Anfibios do Cartorce, explicando os seus valores naturais e o proceso para creala mediante un acordo de custodia. En abril a Sociedade Galega de Historia Natural desenvolveu unha xornada divulgativa sobre os morcegos nesta reserva, onde informamos do mesmo xeito ós 17 participantes. En agosto, no Centro Etnográfico de Teixeiro, déuselles ós voluntarios unha charla sobre a nosa labor mediante custodia do territorio na benvida e introdución da cuarta edición do campo de traballo Monte da Espenuca.

Organización da semana de custodia: Fragas do Mandeo encargouse de organizar, coa colaboración da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, a *VIII Semana de Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*, co obxectivo de promover-lo voluntariado ambiental e de realizar actuacións de conservación en distintos puntos da bisbarra. Esta edición contou cunha xornada de conferencias sobre fauna en perigo de extinción, impartidas por tres expertos; as actuacións de voluntariado consistiron en tres xornadas, nas que se eliminaron especies exóticas invasoras no Mandeo, recolleuse lixo no Lambre e desenvolveuse a sexta edición da eco-regata, durante a que se retirou lixo na marisma da ría de Betanzos.

Participación na Rede Galega: Fragas do Mandeo continuou a formar parte da Rede Galega de Entidades de Custodia do Territorio, mediante a que estas organizacións temos unha representación ante a Administración e a sociedade en xeral.

Medios electrónicos: Na nosa páxina web seguen a manterse documentos e información actualizada relacionada coa custodia do territorio, aparte das noticias ó respecto, de maneira que o público poida informarse e resolve-las súas dúbidas nesta materia.

Política lingüística

O idioma de uso habitual na entidade é o galego. Seguindo a política de non discriminación lingüística, os doadores e mailos voluntarios poden escolle-lo idioma de relación coa entidade.

O usuario da web da entidade pode escoller entre catro idiomas (galego, castelán, inglés e alemán). Tódalas páxinas da web están traducidas do galego ó castelán no momento da súa publicación. As traducións ó inglés e ó alemán van avanzando ó ritmo que poden os tradutores voluntarios. A final de ano o 85% das entradas estaban traducidas.

No caso da conta de Facebook, soamente se usa o galego, pois o software non facilita ter versións en distintos idiomas.

Política de igualdade

Aínda que non existen actitudes ou políticas discriminatorias, as estatísticas poden dar certa información sobre os resultados da política de igualdade da entidade.

Respecto do voluntariado pode considerarse a relación equilibrada, se consideramos que nas xornadas de traballo de campo participaron aproximadamente o mesmo número de mulleres que de homes. Tal como se indicou con anterioridade, as primeiras foron un 3 % menos que os segundos, aínda que hai que salientar que traballaron claramente máis xornadas, superando nun 36 % ós homes.

Segue habendo un desequilibrio nos doadores particulares, habendo actualmente 1,3 homes por cada muller; o lado positivo é que esta diferenza volve a reducirse respecto do ano anterior. Pero no tocante ó importe medio das doazóns en metálico, a das mulleres resultou ser un 8 % maior que a dos homes.

Resumindo: as mulleres son algo menos numerosas, tanto no capítulo de voluntariado como no de doadores, pero amosan máis compromiso.

Os representantes no padroado seguen a ser todos homes, malia terse renovado o ano anterior.

A política de igualdade tamén inclúe a non discriminación por idades (onde o rango no voluntariado abrangueu dende os 4 até os 76 anos, sendo a media de 42 anos), nin de procedencia (ademais dos nativos, participaron persoas procedentes de a lo menos catro países estranxeiros), nin da cor da pel, crenzas, afiliacións, orientación sexual, etc.¹

¹ Nas inscricións do voluntariado non se pregunta a nacionalidade nin os outros datos de índole persoal citados.

Planificación para o ano 2020

Conforme ó plan de actuación elaborado en decembro, a previsión para o ano 2020 era centrarse nas seguintes liñas de actuación:

- Continuar coa adquisición de parcelas nalgunha das tres zonas de alto valor ecolóxico nas ribeiras do ríos Mandeo e Mendo, nos concellos de Aranga, Coirós e Oza-Cesuras, para o que se contemplou no plan de actuación destinar 5.750 euros.
- Facer o mantemento das zonas custodiadas (fincas cedidas ou adquiridas en Aranga, Coirós e Oza-Cesuras) e apadriñadas mediante voluntariado ambiental, coa eliminación da flora alóctona, retirada de lixo e reforestación con especies autóctonas, para o que se contemplou un gasto de 500 euros.
- Realizar o mantemento do observatorio e das fincas de Sobrado dos Monxes, para o que se contemplou no plan de actuación destinar 100 euros, en previsión de actos vandálicos e deterioracións naturais.
- Promove-la custodia do territorio en Galicia e difundi-la entidade, para o que se destinaban 740 euros, mediante a participación en xornadas ou encontros, colaborando coa Rede Galega de Entidades de Custodia do Territorio, organizando a *IX Semana de Custodia nas Mariñas*, e facendo difusión a través da páxina web da entidade e na rede social Facebook.
- Realizar actuacións de voluntariado ambiental, cunha previsión de gasto de 1.600 euros.

Lamentablemente, a crise sanitaria alterará as previsións do plan de actuación e crea unha incerteza que fai difícil calquera planificación.

Aplicación dos principios de transparencia e boas prácticas

Dende o seu nacemento, Fragas do Mandeo ten a vontade de segui-los principios de transparencia e boas prácticas recomendados pola Fundación Lealtad, como mecanismo para garantir que se dea resposta ás demandas de información da sociedade.

1. Principio de Funcionamento e Regulación do Órgano de Goberno

- A. *“El órgano de gobierno estará constituido por un mínimo de 5 miembros.”*

Tal como regulan os estatutos, o padroado está composto por tres membros, en representación das tres entidades que participaron na creación de Fragas do Mandeo. Aínda que a recomendación é que debe estar constituído por un mínimo de 5 membros, considérase que o modesto tamaño da entidade non require máis membros dos que ten. Asemade, dado o seu carácter de representantes de entidades, significa a existencia dun segundo nivel de control da súa xestión.

- B. *“El órgano de gobierno se reunirá al menos 2 veces al año con la asistencia física o por videoconferencia de más del 50% de los miembros del órgano de gobierno.”*

O padroado reuniuse en xunta de goberno 8 veces no ano 2019, participando presencialmente tódolos seus membros. Adicionalmente, realizáronse outras reunións presenciais, e contactos permanentes por vía telemática.

- C. *“Todos los miembros del órgano de gobierno asistirán en persona o por videoconferencia, al menos, a una reunión al año.”*

Como se indica no punto B, tódolos membros do goberno asistiron presencialmente ás reunións máis dunha vez no ano.

- D. *“Respecto a los miembros del órgano de gobierno, serán públicos los nombres, profesión, cargos públicos y relación de parentesco y afinidad con otros miembros del órgano de gobierno y con el equipo directivo de la organización. Será público el currículum vitae de los miembros del equipo directivo. La organización hará públicas las relaciones que existan entre miembros del órgano de gobierno y los proveedores y co-organizadores de la actividad.”*

O nome, profesión e currículo dos membros do padroado están publicados na web. Non teñen relacións de parentesco entre si ou con provedores e co-organizadores.

- E. *“Sólo un número limitado de los miembros del órgano de gobierno podrá recibir ingresos de cualquier tipo, procedentes tanto de la propia organización como de otras entidades vinculadas. Este porcentaje será inferior al 40% de los miembros.”*

Ningún membro do padroado ou do voluntariado percibe ingresos da entidade, directa ou indirectamente.

- F. *“Los miembros del órgano de gobierno se renovarán con cierta regularidad.”*

Os estatutos contemplan a renovación periódica do órgano de goberno, procedéndose á súa renovación no 2018.

- G. *“Existirán mecanismos aprobados por el órgano de gobierno que eviten situaciones de conflicto de interés en el seno del órgano de gobierno. Estos mecanismos serán públicos.”*

Están pendentes de elabora-los mecanismos de resolución dos conflitos de intereses no órgano de goberno.

2. Principio de Claridade e Publicidade do Fin Social

- A. *“El fin social estará bien definido. Deberá identificar u orientar sobre su campo de actividad y el público al que se dirige.”*

O fin social está definido no artigo 6 dos estatutos, e o público ó que se dirixe no artigo 11. Na páxina web explícanse en detalle, estando tamén dispoñible na mesma o texto íntegro dos estatutos.

- B. *“Todas las actividades que realice la organización estarán encaminadas a la consecución del fin social, de modo que la organización no lleve a cabo actividades que no estén explícitamente contempladas en sus Estatutos.”*

Tódalas actividades realizadas e programadas están contempladas no artigo 7 dos estatutos.

- C. *“El fin social será conocido por todos los miembros de la organización, incluidos los voluntarios y será de fácil acceso para el público.”*

Tódolos membros da organización, padroado e voluntarios, coñecen en detalle os seus fins sociais. O público ten acceso a eles na web da entidade.

3. Principio de Planificación e Seguimento da Actividade

- A. *“Existirá un plan estratégico o un plan anual que englobe toda la organización con objetivos cuantificables, cronograma y responsables. Serán públicos los objetivos relacionados con el área de proyectos.”*

Durante o ano 2019 seguíuse o plan de actuación correspondente. Para o seguinte exercicio elaborouse o plan de actuación do ano 2020, onde se detallan as actividades, obxectivos e indicadores, entregado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

da Xunta de Galicia. A información detallada sobre as actividades e as datas de realización vanse publicando na web segundo vai concretándose a súa organización. Existe unha páxina específica na web respecto ás campañas en marcha, cos seus obxectivos e localización.

- B. *“La planificación tendrá que estar aprobada por el órgano de gobierno.”*

O plan de actuación foi aprobado por unanimidade polo padroado.

- C. *“Durante los últimos tres años, los programas habrán seguido una línea de trabajo específica.”*

Estase a segui-la mesma liña de traballo dende a creación da entidade.

- D. *“Contarán con sistemas formalmente definidos de control y de seguimiento interno de la actividad y de los beneficiarios. Estos estarán aprobados por el órgano de gobierno.”*

Os sistemas de control e seguimento están pendentes de redactar.

- E. *“La organización elaborará informes de seguimiento y finales justificativos de los proyectos que estarán a disposición de los financiadores.”*

En cada adquisición de fincas infórmase ós doadores da cantidade investida e dos metros cadrados mercados. Con respecto á parcela arrendada ó Banco de Terras de Galicia, emitiuse o correspondente informe anual no primeiro trimestre do 2019.

- F. *“La organización contará con criterios y procesos de selección de proyectos y contrapartes aprobados por el órgano de gobierno.”*

Están pendentes de elaborar.

4. Principio de Comunicación e Imaxe Fiel na Información

- A. *“Las campañas de publicidad, captación de fondos e información pública reflejarán de manera fiel los objetivos y la realidad de la organización y no inducirán a error.”*

A web da entidade recolle fielmente toda a información existente. O folleto impreso para a campaña de publicidade e captación de fondos recolle información clara e fidedigna.

- B. *“Al menos una vez al año se informará a los donantes y colaboradores sobre las actividades de la organización.”*

Os doadores e colaboradores recibiron información periódica por correo electrónico. Mantivéronse reunións con tódalas directivas das asociacións doadoras (aquelas que non forman parte do padroado) para explica-las actividades e os avances da entidade.

- C. *“Son requisitos para llevar a cabo la comunicación de forma eficiente contar con correo electrónico institucional y página web propia en funcionamiento, con información de todas las actividades de la organización y actualizada al menos una vez al año.”*

A entidade conta cunha páxina web permanentemente actualizada, e enderezo electrónico xestionado diariamente.

- D. *“La organización pondrá a disposición de quien lo solicite la memoria anual de actividades y la memoria económica anual. La memoria anual de actividades y los estados financieros con su correspondiente informe de auditoría serán accesibles a través de la web.”*

O informe anual de balance económico e de xestión está publicado na web e accesible para todo o público, e así se fará co presente informe. Non se ten realizado unha auditoría externa das contas polo reducido volume destas e o custo aparelado.

5. Principio de Transparencia no Financiamento

- A. *“Las actividades de captación de fondos privados y públicos, su coste y su recaudación anual (donaciones, socios y otras colaboraciones) serán públicos.”*

O balance de doazóns e a súa procedencia están recollidas neste informe. Non se fixo ningunha campaña de captación de fondos no ano 2019.

- B. *“Serán públicos los fondos recaudados con detalle de los principales financiadores, tanto públicos como privados, y las cantidades aportadas por los mismos.”*

Os fondos recadados están publicados neste informe, así como o nome das asociacións que fixeron doazóns. A máxima doazón dunha empresa foi soamente do 1,9 % do total das doazóns, e a máxima dun particular o 5 %. Debido á súa escasa incidencia no total das doazóns, non se informa dos seus nomes.

- C. *“Será conocida la imputación de los fondos recaudados a la actividad de cada año, debidamente documentada.”*

No apartado económico deste informe detállase o destino dos fondos.

- D. *“En caso de solicitar datos personales, la organización incluirá en sus soportes de recogida de datos la información pertinente según la legislación vigente en materia de datos personales. La organización tendrá registrados sus archivos de socios y donantes particulares en la Agencia de Protección de Datos.”*

Está pendente de dar de alta o ficheiro de datos de doadores e voluntarios na Axencia de Protección de Datos. Na súa recollida infórmase dos dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición que outorga a lei.

- E. *“Existirán criterios de selección de empresas y entidades colaboradoras aprobados por el órgano de gobierno.”*

Están pendentes de redactar.

- F. *“Los acuerdos de cesión del logotipo de la entidad a empresas e instituciones deberán estar formalizados por escrito. Las cláusulas de cesión del logotipo no serán confidenciales.”*

Non se cedeu o uso do logotipo a terceiros.

6. Principio de Pluralidade no Financiamento

- A. *“La organización deberá diversificar su financiación con fondos públicos y privados. En ningún caso los ingresos privados serán inferiores al 10% de los ingresos totales.”*

Dende a constitución da entidade, a meirande parte dos ingresos da entidade foron privados (68 % no conxunto do período 2010-2019), polo que non se considera que exista dependencia dos fondos públicos. Ocasionalmente, as subvencións públicas recibidas no 2019 por actuacións executadas o ano anterior supuxeron o 64 % do total dos ingresos.

- B. *“La organización contará con una variedad de financiadores externos que favorezca la continuidad de su actividad. Ninguno de ellos aportará más del 50% de los ingresos totales de la organización de forma continuada durante los dos últimos años.”*

Ningún dos doadores ten achegado máis do 50 % dos ingresos nin no presente exercicio nin no anterior. A doazón particular de maior importe en metálico supuxo o 5 % do total dos ingresos do ano; a doazón de asociación colaboradora de maior importe supuxo o 11 % do total, e a de empresa o 1,9 %.

7. Principio de Control na Utilización de Fondos

- A. *“Será conocida la distribución de los gastos de funcionamiento agrupados en las categorías de Captación de Fondos, Programas-Actividad y Gestión-Administración. Será además conocido el destino de los fondos desglosado por cada proyecto y línea de actividad de la organización.”*

O balance económico do presente informe detalla cada un dos apartados de gastos.

- B. *“Existirá un detalle de los principales proveedores y co-organizadores de la actividad. La organización contará con una Política de Aprobación de Gastos, así como criterios de selección de proveedores aprobados por el órgano de gobierno.”*

O baixo nivel de aprovisionamento da entidade fixo innecesario establecer unha política de aprobación de gastos e selección de provedores.

- C. *“La organización deberá preparar un presupuesto anual para el año siguiente con la correspondiente memoria explicativa y practicar la liquidación del presupuesto de ingresos y gastos del año anterior. El presupuesto y la liquidación estarán aprobados por el órgano de gobierno y serán públicos.”*

O padroado aprobou en reunión da xunta de goberno as contas do ano 2019, resumidas neste documento, e o presuposto para o ano 2020, que tamén se recolle nel.

- D. *“La organización no contará con recursos disponibles excesivos en los dos últimos años.”*

Todo o excedente do exercicio aplícase a reservas. As mesmas serán destinadas á compra de novas fincas que serán afectadas permanentemente ós fins fundacionais polo padroado en canto frutifiquen as negociacións en marcha.

- E. *“La organización no presentará una estructura financiera desequilibrada de forma continuada en los últimos tres años.”*

A estrutura financeira é equilibrada, estando ausentes os compromisos financeiros.

- F. *“Las inversiones deberán cumplir unos requisitos de prudencia razonable.”*

Non se teñen feito investimentos financeiros no presente ano, nin están previstos para os próximos.

- G. *“En el caso de contar con inversiones financieras, la organización contará con unas normas de inversión aprobadas por el órgano de gobierno.”*

Non se conta con investimentos financeiros, nin están previstos.

- H. *“Las inversiones en sociedades no cotizadas estarán relacionadas y ayudarán directamente a la consecución del fin social.”*

Non se teñen realizado investimentos en sociedades, nin están previstos.

- I. *“La organización respetará la voluntad de los donantes y se establecerán sistemas de seguimiento de fondos dirigidos. Los fondos procedentes de apadrinamiento se considerarán fondos dirigidos.”*

No ano 2019 a entidade non ofreceu a posibilidade de fondos dirixidos nin de apadrinamentos, dado que a súa misión é moi concreta e local. Os doadores teñen forma de saber con anticipación en que van investirse as súas achegas, por estar explicado na web da entidade.

8. Principio de Presentación das Contas Anuais e Cumprimento das Obrigas Legais

- A. *“La organización acreditará el cumplimiento de las obligaciones legales ante la Administración Tributaria, Seguridad Social y Protectorado o Registro correspondiente.”*

A entidade está exenta do Imposto de Sociedades, remitiu os certificados de doazóns ós doadores e informou delas á Axencia Tributaria para que apliquen as deducións, non ten obrigas coa Seguridade Social por non ter empregados, ten entregada a documentación requirida ó protectorado da Xunta de Galicia e conta co certificado de rexistro.

- B. *“La organización elaborará las cuentas anuales de acuerdo con el Plan General de Contabilidad de Entidades sin Fines Lucrativos que serán sometidas a auditoría externa y aprobadas por la Asamblea General o el Patronato.”*

A entidade ten elaboradas as contas segundo o *Plan Xeral de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos*, anexas a este informe, aprobadas polo padroado. Non se ten feito auditoría externa por redución de custos e polo baixo nivel de operacións.

9. Principio de Promoción do Voluntariado

- A. *“La organización promoverá la participación de voluntarios en sus actividades.”*

Durante o ano 2019, participaron 114 persoas distintas nas xornadas de voluntariado convocadas pola Fundación, cifra superior á do ano anterior (89 persoas no 2018). A este resultado hai que suma-las 81 persoas convocadas por entidades colaboradoras.

A participación do voluntariado no conxunto das tarefas (traballo no campo, administración, traducións, mantemento da web, etc.) traducíuse nunha dedicación equivalente a máis de 265 xornadas laborais de 8 horas.

- B. *“Estarán definidas aquellas actividades que están abiertas a ser desarrolladas por voluntarios. El documento en el que se recojan dichas actividades será público.”*

As actividades nas que puido participa-lo voluntariado foron publicadas na web segundo foi concretándose a súa programación.

- C. *“Se contará con un plan de formación acorde con las actividades designadas, a disposición de los voluntarios.”*

Antes do inicio de cada actividade, os voluntarios recibiron as debidas explicacións, non precisándose de maior planificación pola súa simplicidade.

- D. *“Los voluntarios estarán asegurados.”*

As actividades de campo nas que participaron os voluntarios estiveron cubertas por un seguro de accidentes e responsabilidade civil contratado por Fragas do Mandeo.